

# Bases de participación no sorteo de Promoción das IV Xornadas de Portas Abertas das Rutas de Artesanía

## EMPRESA ORGANIZADORA

A organización das accións de promoción correspóndelle á empresa coordinadora do proxecto Turismo Slow Norte de Galicia, que é Promove Consultoría e Formación SLNE con CIF: B70184882 e dirección Praza de Ulteira 2, 3B 15704 Santiago de Compostela, e correo: [info@turismoslow.gal](mailto:info@turismoslow.gal) co obxecto de promocionar as IV Xornadas de Portas Abertas das Rutas de Artesanía, así como o proxecto Turismo Slow Norte de Galicia, ambos proxectos promovidos pola Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense.

## SORTEO Mecánica de Participación.

O sorteo realizarase a través dunha plataforma on line de sorteos entre todas as persoas que cumpran os requisitos destas bases.

As persoas que queiran participar no Sorteo de promoción das IV Xornadas de Portas Abertas das Rutas de Artesanía deberán **inscribirse** nas IV Xornadas de Portas Abertas das Rutas de Artesanía, consentir a súa participación no sorteo e **asistir, como mínimo, a 2 xornadas de visita** (visita ao obradoiro artesán + actividade).

Consideraranse, por tanto, persoas participantes do sorteo aquelas persoas inscritas que asistan a 2 xornadas, como mínimo, das IV Xornadas de Portas Abertas das Rutas de Artesanía.

Pode consultarse o programa coas distintas xornadas pinchando no seguinte [enlace](#).

Entre todas as persoas participantes do sorteo sortearanse 4 premios que se detallarán a continuación.

## ACEPTACIÓN DAS BASES

A simple inscrición nas IV Xornadas de Portas Abertas das Rutas de Artesanía implica a aceptación destas bases na súa totalidade, polo que a manifestación de non aceptación das mesmas, implicará a exclusión da persoa participante e, como consecuencia, quedará a entidade organizadora liberada do cumprimento da obriga contraída con esa persoa participante.

## PARTICIPANTES

Poden participar, de forma gratuíta e voluntaria, as persoas físicas maiores de 18 anos. No presente sorteo non poderá participar o persoal da entidade promotora nin da empresa coordinadora, así como de outras empresas vencelladas coas IV Xornadas de Portas Abertas das Rutas de Artesanía. Se se producira tal circunstancia, a entidade organizadora descartará de forma automática estas participacións.

A identidade da persoa participante que resulte gañadora deberá acreditarse por medio de documentos oficiais que serán solicitados pola empresa organizadora e coordinadora do sorteo unha vez notificado o premio.

A entidade organizadora non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados pola persoa participante nin de non poder contactar coa persoa gañadora se os datos facilitados non son correctos ou teñen erros.

A entidade promotora resérvase o dereito de excluír ás/aos participantes que, polas súas accións ou omisións, interfiran ou poidan interferir no funcionamento do sorteo.

No caso de que este sorteo non puidera realizarse, ben por fraudes detectados no mesmo, erros técnicos, ou calquera outro motivo que non estea baixo control da entidade promotora, e que afecte ao normal desenvolvemento da promoción, a entidade promotora resérvase o dereito a cancelar, modificar, ou suspender o mesmo. Á súa vez, a entidade promotora resérvase o dereito a realizar modificacións ou engadir anexos sucesivos sobre a mecánica e premios do sorteo, sempre que se comuniquen debidamente ás persoas participantes a través da web do sorteo e das redes sociais.

## PREMIOS

Tal e como se indica anteriormente, o sorteo constará de 4 premios clasificados en 2 categorías diferentes:

- 2 premios de experiencias turísticas do proxecto Turismo Slow Norte de Galicia por valor máximo de 300€ cada unha.
- 2 premios de 1 noite para 2 persoas (aloxamento + almuerzo) nun establecemento do proxecto Turismo Slow Norte de Galicia por valor máximo de 150€ cada unha.

### Condicións para o uso do premio:

- As persoas gañadoras poderán escoller libremente, sempre cumprindo os requisitos das bases e os requisitos sobre prezos máximos, entre calquera das experiencias e aloxamentos do proxecto Turismo Slow Norte de Galicia localizados na Mariña Lucense (Concellos de Alfoz, A Pontenova, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ouro, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Xove e Viveiro). As experiencias e aloxamentos do Turismo Slow Norte de Galicia poden consultarse na seguinte web: <https://turismoslow.gal/>.
- O premio poderá disfrutarse entre o 15 de setembro do 2022 e o 30 de maio do 2023, sempre en tempada baixa e sendo imprescindible realizar unha reserva previa no aloxamento.
- Os premios están suxeitos á dispoñibilidade de cada establecemento, podéndose reservar o dereito de non aceptar a reserva de aloxamento dunha noite nas datas en que o establecemento esixa un número maior de noites como estancia mínima.
- Os premios non se poden trocar, en ningún caso, por diñeiro.
- Os premios son nominativos, polo que non se poden ceder a outras persoas distintas das inscritas nas IV Xornadas de Portas Abertas das Rutas de Artesanía.

## **ADXUDICACIÓN DO PREMIO**

Se a/s persoa/s gañadora/s incumprise/n as normas deste sorteo ou non puidese/n ser localizada/s dentro dos prazos destas bases, o premio correspondente quedaría deserto.

## **COMUNICACIÓN DO PREMIO E CONTACTO**

O nome da/s persoa/s gañadora/s será publicado nas redes sociais de A Mariña Lucense Turismo o 30 de xuño do 2022 (día da resolución do sorteo) e remitirase un correo electrónico coa comunicación.

No prazo máximo de 7 días a contar desde o día seguinte ao da comunicación da/s persoa/s gañadora/s, cada persoa deberá responder por correo electrónico confirmando a aceptación do premio.

Unha vez contactada a persoa gañadora, mediante un correo electrónico, daranse as indicacións para poder proceder á reserva.

## **PROPIEDAD INTELECTUAL**

A entidade promotora do sorteo resérvase o dereito de usar o/s nome/s da/s persoa/s premiada/s a efectos da utilización en fines publicitarios nos medios que estime oportunos e sen necesidade de notificación explícita.

As persoas participantes autorizan que os seus datos persoais facilitados sexan incorporados a un ficheiro responsabilidade da entidade promotora que os utilizará para xestionar este sorteo de promoción, para contactar coas persoas gañadoras e entregarlles o premio, así como remitir as comunicacións posteriores oportunas. Estes datos serán tratados de forma confidencial e de conformidade coa Lei de Protección de Datos Persoais e a súa normativa de desenvolvemento.

As persoas participantes garanten e responden da veracidade, exactitude, vixencia e autenticidade da súa información persoal. A persoa titular dos datos poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación solicitándoo por escrito, con copia do DI ou documento de identificación, á seguinte dirección Praza do Concello, S/N, 27790 San Cosme de Barreiros (Lugo), ou por correo electrónico na seguinte dirección [turismo@amarinalucense.gal](mailto:turismo@amarinalucense.gal).